

Betancos, 17 San Martiño do 1917

Sr Presidente conselleiro primeiro da Irmandade de Betancos

Moi señor meu e irmán na causa:

Participolle por medio da presente que deud' hoxe deixo d'ocupar o cargo de Contador da Irmandade, que até hoxe vin desempeñando, por tème d'ausentarse dentro d'uns días par' a República Argentina. Cō iste motivo, acompañaolle libro e demais anexos d'isa entidade que obraban no meu poder.

Ao deixar unha coherxencia tan querida por min, prégoelle o faga constar na primeira conta xeral, así como o sentimento qu'embarga o meu corazón por ela e pol-a amada terra de que é defensora isa galeguista sociedade, á cal tiveu o honor de pertencer até hoxe. Feñan, pois, eu conta, voste e todos os irmáns, que non m' alonxarei nin dereito, cō'a miña aventura de Galicia, das fías dos bós e xenerosos. Non. Necesidás da vida ou consecuencia que non é do caso esponer aquí, levárame aló, a lonxanas terras, a unirme con outra Galicia; pois ali tamén hay outra Galicia, a Galicia emigrada, froito do abafamento da nosa terra, que surte na y-alma a patria escravizada. Ao ausentarme, pois, para lonxanas terras fâgo por consecuencias materiais e, pol-o tanto, a miña espiritualidade estará sempre cō'a

Terra que me viu nacer.

Sómente pido aos meus queridos irmãos no credo galeguista, que non demaién un instante na loita pol galeguizacim<sup>to</sup> de Galicia; en tamén, por dondequiera que estea terei a honra de dicir que sou galego e a satisfacción de ser galeguista, ortodoxo e insinificante, pero é un sentimento tan fondo y-untra espiritualidade tan definida como os mais antigos.

Cómpeme tamén pregar aos loitadores da causa, que non dean creto ás cousas pequenas, pois estas son as que poden entorpecer a marcha colectiva, que desafiñen ante o credo galeguista cō as boas obras patrióticas aos noxentos e vermes desprestixiadores das nobres labores; que cō a grandeza da súa espiritualidade non haya nada que os barre da loita comensada, que teñan constancia e unión desbotando os particularismos, carecema hipocrita e forte, ante as necesidades da causa.

Reunida xeral debo pedirlle, e pidolle, perdin, por aquilo que eu, a seu xuício, deixara de facer, pois a minha labor insinificante, estivo sempre atezada de boa vontade y-entusiasmo pol-a causa.

E agora, Sr Presidente e irmãos, corra peme darlles a despedida e un berro que encerra tō-dol-os vivos y-entusiasmos de todo bō galeguista: ¡Verra a Nois!

Póname saudando a tō-dol-os irmãos e quedo de vostede atto e seguro servido

José Triago

¡Viva Galicia soberana e libre!